

1978

# O movemento feminista e a cuestión do divorcio

Coa **morte de Franco** abríanse as portas a unha reforma do **Código Civil** que abolise o delito de adulterio e recoñecese a posibilidade da disolución libre do matrimonio.


O **adulterio**: foi finalmente abolido como delito en 1978.

O **divorcio**: a Constitución de 1978 incluíría no seu artigo 32 un mandato ao lexislador para que regulase os dereitos e deberes dos cónxuxes en plena igualdade xurídica, así como as causas de separación e disolución do matrimonio e os seus efectos.

Neste sentido, as organizacións feministas galegas manifestaron o seu apoio ao proxecto de Lei do divorcio elaborado pola **Coordinadora Estatal de Organizacións Feministas en 1979**, no que se establecían os seguintes puntos:

- Que as mulleres divorciadas, agás as que os maridos teñan recursos importantes, reciban un subsidio de paro a cargo do Estado, e unha formación profesional para acceder a un posto de traballo.
- O dereito das nais a seguir convivindo cos seus fillos se o desexan.
- O dereito dos fillos a ser consultados e a decidir por si mesmos a partires dos dez anos con cal dos pais queren vivir.
- Un divorcio áxil, con menos trámites e gratuío.

A **Lei 30/81 do 7 de xuño** veu mudar a regulación do matrimonio establecida no Código Civil e fixou os pasos a seguir en caso de nulidade matrimonial, separación ou divorcio. Porén, esta medida foi considerada como insuficiente polas organizacións feministas, que criticaban a burocratización e a excesiva lentitude coa que se tramitaría este proceso, así como a necesidade da alegación dunha “causa” de ruptura.



Por un divorcio sen causas rápido e sen dependencias económicas pra muller

Coordinadora de grupos feministas do E. E.  
Galicia: AGM - ADMG Coord. Fem. de Vigo

## as mulleres galegas contra o 'delito' de adulterio !

\*pola eliminación das leis discriminatorias pra muller

### ★POLO DEREITO O DIVORCIO

«a muller e as leis no Código Penal»

domingo 19 EN

PONTEVEDRA  
6 da tarde  
na CAIXA RURAL



ASOCIACION GALEGA DA MULLER



